


Horario

A biblioteca escolar estará aberta os luns, mércores e xoves das 16 ás 18 horas e todos os días nos tempos do primeiro recreo.

Ademais durante 6 horas máis ao longo da semana poderase utilizar o servizo de préstamo. Pregúntalle ao teu mestre cándo podes ir.

Usuarios

A biblioteca pode ser utilizada por todos os alumnos do centro así como polas súas familias. Cada usuario posuirá un carné que deberá presentar para facer uso do servizo de préstamo. Para facer o carné é necesario entregar unha fotografía. O prazo de devolución dos libros será de 15 días.



Área participativa

Na biblioteca haberá un buzón de suxerencias para que os alumnos poidan facer as propostas que queiran: adquisicións, actividades, concursos, etc.

Novos socios

A chegada de novos nenos ao colexio vaise notar tamén na biblioteca pois todos os novos socios recibirán o seu carné de usuario. Con el poderán levar libros, CDs e DVDs prestados para casa. A biblioteca medra e iso fainos moi felices.

O diario de Simón

A nosa mascota Simón non quere que nos esquezamos dela. Por iso pediunos que todos os nenos que levan a mochila viaxeira escriban algunha nova aventura no seu diario. *Simon, don't worry, we love you!*



Mochilas viaxeiras

Neste curso, como en anos anteriores, as mochilas viaxeiras, cheas de libros, música e sorpresas visitarán as casas dos nenos do colexio. Estade moi atentos á vosa.

BOLBORETA DE PAPEL

nº 2 - OUTUBRO 2011



BENVIDOS, AMIGOS!

Corren polo colexio aires de ledicia. Por que? Que ocorre? Pois que este ano chegaron moitos nenos novos. Resulta fantástico facer máis amigos e ensinalles tamén cómo é o cole por dentro. A Biblioteca é un lugar moi especial, un sitio que mimamos e coidamos entre todos porque alí onde hai un libro tamén hai un amigo. Benvidos todos á Biblioteca que abre agora as súas portas, unha vez máis, para guiarnos polo maravilloso mundo dos libros.

*“Libro soño busca un meniño,
se queres ser ti, só tes que dicir si.”*



Abrimos as portas!

Música e películas completan a oferta de préstamo da biblioteca

A Biblioteca Escolar cambiou de sitio e despois dun traslado que levou o seu traballo xa está preparada para abrir as súas portas a todos os membros da comunidade educativa do CEIP de Sestelo-Baión. As bibliotecas son esenciais en calquera escola pois non podemos prescindir delas se queremos lograr que os nosos nenos e nenas sexan bos lectores.

Este ano, ademais do servizo habitual de préstamo de libros, incorporamos o de cds de música clásica e galega tradicional, e o de dvds diversos. Queremos así ampliar a oferta de servizos que a biblioteca proporciona.

Nesa tarefa de conseguir que os nenos teñan hábitos de lectura é moi importante o papel das familias. Transmitir aprecio polos libros, valorar a lectura como un pasatempo enriquecedor e proporcionar libros aos nenos son medidas que desde os primeiros anos de idade poden favorecer o gusto pola lectura.

O bo desenvolvemento dun alumno ao longo do ensino primario e tamén do secundario depende en boa medida dos seus hábitos de lectura. Non hai variacións máxicas pero está claro que o contacto cos libros é o mellor medio que temos para logralo.

Un espazo para a diversión

A biblioteca non só é un espazo onde se gardan moitos libros senón que tamén é un lugar moi apropiado para realizar actividades que axuden a promover o hábito da lectura.

Con frecuencia celebramos nela sesións de contacontos, recitado de poemas, charlas con autores e ilustradores, e outras actividades.

Na biblioteca temos o sitio axeitado para entre todos crear un clima que favoreza o contacto entre os nenos e os libros.



Kevin e Felipe (6º) contaron a historia que eles mesmos inventaron.



Libros que entran polos ollos

Moitas veces os libros entran *polos ollos*, é dicir, chaman a nosa atención polas cores e formas que teñen. Na biblioteca tamén temos á vosa disposición libros así, por exemplo estes dous da fotografía que se abren completamente e no que podemos ollar un montón de detalles orixinais.

As zonas da biblioteca

A biblioteca ten diversas áreas sinalizadas debidamente para que os propios nenos sexan capaces de atopar o libro que máis se axusta aos seus intereses e necesidades. Sen embargo, e como é lóxico, os docentes que se encargan da biblioteca poden orientar e suxerir lecturas axeitadas para cada idade.

Cun sistema de cores e pictogramas amósase tanto a idade adecuada como a temática do libro. O anel vermello é para o primeiro ciclo, o laranxa é para o segundo e o verde reservámolo para os libros dos máis maiores.

*Visita o renovado
blogue do colexio:
coledabaion.wordpress.com*

Os nenos opinan

Por que a biblioteca é tan importante?

Os nenos de sexto debateron na aula a importancia da biblioteca para o colexio. Así opinaron.

Felipe Rivas:

“A biblioteca é moi importante para que os nenos pequenos aprendan ben a ler e que vexan que hai moitos libros.”

Aarón Iglesias:

“Hai libros e ademais é un sitio tranquilo para facer os deberes.”

Jesús Baños:

“Debería haber bibliotecas en todas as cidades, vilas e colexios.”

Kevin D. Núñez:

“A biblioteca é necesaria. Non se utiliza moito. Vese demasiada televisión.”

Carolina Muñiz:

“Está moi ben porque podes estudar, ler, facer deberes tranquilamente sen que ninguén te moleste.”

Vanesa Andrade:

“A biblioteca é importante porque podes estudar e ler libros interesantes”.

Adriana Bistilleiro:

“É boa para ler diversos libros que en casa non tes e practicar a lectura todos os días.”